

A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALQUITRÁN

Estabamos unha noite no muíño do tío Xan da Barca, o señor Cibrao de Penapetada, o Goriño e mailo Bastián de Paradela, a Rosa, o señor Rafael o castelán e mais eu, cando lle preguntou o Bastián de Paradela:

-¡Ai, señor Cibrao! ¿Vostede que ten ido tanto ao Couto de Lourido, el é certo que hai alí unha moura encantada, e que ten un tesouro, e que sae peiteando os cabelos cun peite de ouro, e que din que lle ha dar o tesouro todo ao que lle recolla o peite do chan cando lle caia das mans?

-É certo -respondeu o señor Cibrao- ; e tan certo.

-¿E vostede viuna?

-Vin, unha mañá cedo, ao romper o día. Baixaba eu da serra, e vina, estaba de min coma de aquí ao canasto da eira; mais eu fuxín a présa, e tan sequera quixen dar volta á cabeza... Esas cousas que non son de cristiáns...

E o señor Cibrao acenou coa testa que non.

-Pois eu se a vira - dixo o Bastián- había ir onda ela, e cando lle caese o peite das mans, habíallo recoller sen medo ningún para que me dese o tesouro.

-¡Antes cegues que tal fixeras!

-¿E logo por que, señor Cibrao?

-¡Mais che valera morreres alí de contado!... No couto de Lourido hai un tesouro moi grandísimo. Hai unha trabe de ouro e outra de alquitrán. Se chegas á de ouro, faste rico; mais se vas dar á de alquitrán, entón ármase un lume que arde todo en cen leguas á redonda. Mira: ela hache levar por debaixo da terra, onde se apartan dous camiños: segundo collas por un ou por outro, así chegas á trabe de ouro ou á de alquitrán. Mais se colles o peite de ouro, entón é seguro que atinas coa de alquitrán, e alí quémase todo.

-¿Enton que é o que hai que facer?

-Pois levas na bolsa un peite de corno, e cando á moura lle caia o de ouro das mans, dálle o de corno para que se peitee con el, e para o outro nin tan sequera tes que botar unha ollada, senón es perdido...

-¿E a moura cando aparece?

-Pois a moura aparece sexta feira, pola mañá cedo, antes de romper o día. Tan logo como quere saír o sol, desaparece e xa non volve. Tamén a teñen visto outros días, mais o seguro é que sexa sexta feira, que é o día santo que eles teñen, coma nós o domingo...

Cando os dous mozos viñan de volta para Paradela, cada un co seu pollino cargado cos costais da fariña, o Bastián díxolle ao Goriño:

-¡Chacho! despois de pasado mañá é sexta feira. ¿Queres que vaíamos ti e mais eu ben cedo ao Couto de Lourido?

E foron. A noite antes saíron coma quen que ían de tuna, o Bastián meteu na bolsa un peite de corno, e dende as doce da noite, tremendo de ansia e de medo

- o Bastián con máis ansia que medo, o Goriño con máis medo que ansia – andaron as tres leguas que había dende alí ao Couto de Lourido. Agardaron nunha touza que principiara a alborexar, atecendo de frío, mollados do orballo, e ao querer ser día, metéronse polo monte, pisando nas carpazas, cara aos penedos do couto.

De súpeto, viron a moura, sentada nun penedo, vestida de ouro e seda, peiteando cun peite de ouro os cabelos escuros, tan longos que lle arrastraban aínda dúas ou tres varas polo chan, en ondas azuladas coma as ondas dun río... Tiña uns ollos coma os luceiros da noite, a cor morena coma pao de buxo, os beixos coma cereixas vermellidas, as meixelas acesas coma rosas, os dentes miúdos e brancos coma prata.

Os dous mozos ficaron unha miga pasmados, que endexamais cousa coma ela viran nin imaxinaban ver na súa vida; mais ao cabo, o Bastián adiantouse, e nisto a moura, ao reparar neles, soltou o peite de ouro que rolou polo vestido abaixo e caeu no chan, escondéndose entre as carpazas.

Entón, o Bastián, chegouse a ela e ofreceulle o peite de corno.

Mais mentres que a moura falaba co Bastián, o Goriño que vira caer o peite de ouro, quedouno fitando cheo de cobiza. Ben o vía entre as carpazas brillando coma un sol, traballado coma o pé dun cáliz, e namentres os outros se entretiñan coa parola, o Goriño agachouse moi a modiño, apañou o peite de ouro e meteuno á presa na alxibeira dos calzóns.

A moura baixou da pena, colleu cada un dunha man e levounos a uns penedos altos do cume do couto. Alí, petou cun pé na pedra, e abriuse unha porta. A moura fíxoos entrar, e foron andando coma por unha mina. O Goriño cunha man collía a da moura, fina e lene coma se fose seda, e coa outra apalpaba o peite de ouro que levaba agachado.

Chegaron onde o camiño aquel se partía en dous: un collía para a dereita e outro para a esquerda. Alí a moura soltounos e deixounos ir...

O Bastián colleu pola dereita, e meteuse pola mina adiante, e cada paso que andaba era máis escuro o camiño. Quixo ver se viñan os outros, e viu que estaba só. Deu volta, chegou onde se apartaban os camiños, e non viu a ninguén. ¿Onde irían o Goriño e maila moura? Estivo matinando, e ao fin pensou que era mellor seguir a súa sorte, e volveuse meter pola mina da dereita.

Andou e andou ás escuras, atoupiñando, non sei canto tempo, ata que tropeizou cunha porta de ferro. Petou e pareceulle que falaban dentro. Volveu petar, e agora si que sentiu claramente que había xente. A terceira principiaron a desfechar ferrollos e ao cabo abriuse a porta.

Un home vestido cunha túnica verde hastra os pés, era o que lle abrira a porta. Fíxolle un saúdo e díxolle:

- Ben chegado sexas a nós. Hai tempo que te agardabamos.

O Bastián quedou parvo. Había alí uns doce ou catorce señores con longas barbas brancas coma a neve, todos vestidos igual con túnicas ata os pés e mantos tapando a testa, uns de branco todo, outros de azul, outros de verde.

Era unha gran sala, cavada toda na pedra de gra, alumeada por unha lámpada de tres torcidas pendurada da vouta. Polas paredes tiñan postos elmos, con cornos, coirazas e cotas de malla, escudos de defensa, dos que nioitos levaban un cisne pintado, lanzas, espadas de ferro sen cruz, que tiñan de remate unha forquita na parte de arriba do puño, puñais de bronce do mesmo xeito, mocas, machados, arcos e frechas.

Aqueles señores estaban sentados e os de vestido azul tiñan harpas de ouro na man, e o máis vello dos de branco, que estaba sentado no medio de todos, levaba no pescozo un gran aro de ouro e na testa unha coroa de follas de carballo.

E o que lle abrira a porta ao Bastián, colleuno da man e díxolle mostrándolle a Asamblea:

- Olla, fillo de Brigo e de Gael, ¿non recoñeces os Antigos?

O Bastián non atinaba a dar fala.

E o máis vello dos de branco, ergueuse e veulle dar un bico na fronte, dicíndolle:

- ¡Ben chegado o que trae a Paz e o Ben!

E fixérono sentar entre eles, e logo dixo o vello:

- Sosega, meu fillo, e escoita a nosa historia, porque ela mostrarache por que viñeches aquí e o que tes que facer.

Entón, un dos de azul principiou a falar deste xeito:

- Estes, meu fillo, son os Proxenitores, os homes do Tempo e das Idades Antigas. Estes son os que aínda viven do Tempo Heroico, os Avós gloriosos da túa Raza. Estes son os sacerdotes e os sabios do Bosque Sagrado. Os reis consultábanos, e os heroes morrían contentos, sabendo que eles lembrarían as súas fazañas. As armas dos heroes áchanse agora penduradas das paredes, e mudas están as harpas de ouro.

<< Houbo un tempo no que toda esta terra era terra de pagáns, mais nós coñeciamos a Ciencia das Idades, así que aínda que eles andasen cegos, estabamos aquí nos para lles darmos guía. Mais nin eles nin nós coñeciamos o Deus verdadeiro.

<< Logo, cando os derradeiros heroes morreron loitando coas lexións imperiais, por aquel tempo naceu aló no Oriente o Deus verdadeiro, e cando morreu, mandou a un seu parente que viñese a esta terra a sacar os pagáns da cegueira. E chegou, e bañou aos homes nunha auga pura e nova que os fai nacer para a Vida Eterna. Andando o tempo, todos os homes desta terra foron bautizados, mais nós estabamos moi lonxe, arredados do mundo, escondidos nas encañadas da serra. Daquela rematara a Idade Heroica, e nós eramos os derradeiros da nosa ciencia e do noso rito. Daquela a xente xa andaba tras doutros deuses, antes que coñecesen o Deus verdadeiro. E xa se non lembraban de nós. Eramos daquela os Antigos... E ninguén chegou onda nós a nos traer as augas salutares do bautismo.

<< E andando o tempo, viñeron os Mouros a esta terra. E como nós non estabamos enfortecidos polo bautismo, non puidemos desfacer nos deles, e un deles que tiña gran poder botounos o meigallo, o meigallo da Media Lúa, e encantounos, e aquí fiamos encantados neste monte, namentres non viñese un cristián que nos desencantase por medio da administración do Santo Bautismo e nos fixese coñecer o Deus verdadeiro.

<< Mais de que a sepultura daquel home que trouxo á nosa Raza a coñecencia de Deus foi descuberta, os mouros todos que había nesta terra tamén ficaron encantados, cos seus tesouros, e aquí mesmo os temos, parede por medio, abesullando o instante para ver se poden coutar que sexamos desencantados, e por iso mandan fóra unha das súas mulleres, de nunca vista fermosura, para enganar aos que se acheguen ao sitio e facer que trabuquen o camiño.

<< E aquí estivemos agardando, namentres os séculos pasaban, ao que nos había salvar, e unhas veces cantando ao compás da harpa as fazañas dos heroes antigos, outras recitando os proverbios da Sabencia e da Tradición, outras escoitando ler as vellas profecías, os anos e os séculos foron pasando, pechados na entraña do monte alumeados pola lámpada perpetua...

Cando tal oíu, o Bastián ollou para arriba e viu algo no que ao principio non reparara:

A lámpada non estaba pendurada da vouta, como antes pensara; a vouta estaba atravesada dunha banda a outra por *unha grossa trabe de ouro puro*, e desta trabe era da que estaba pendurada a lámpada. A trabe de ouro estaba chea de riscos, puntos e raias, como de escritura miúda e apreixada.

O que estaba falando díxolle entón:

- Eis o tesouro desta cova: *a trabe de ouro macizo*... Mais o que vale máis nesta trabe é os riscos que ten por fóra. Toda ela está escrita nos nosos vellos caracteres, inventados polo sabio Ogma, noso pai, hai moitos milleiros de anos. Aquí temos escrita en tres mil trescentas e trinta triadas toda a nosa Ciencia antiga, as Leis da nosa raza e as Profecías dos nosos mestres. Esta *trabe de ouro* fará a quen a conquira, non soamente inmensamente rico, senón tamén inmensamente poderoso, porque é a chave do Pasado, do Presente e do Porvir.

<< E a lámpada dela pendurada, e que aquí nos alumia, representa esa mesma ciencia acesa decote en nós, porque saberás que esta lámpada de óleo de asbesto e con torcida de amianto, áchase decote acesa sen se consumir e sen que endexamais morra...

<< Todo isto que che eu digo, meu fillo, non é máis que unha pequena parte dos nosos segredos, que vimos conservando dende a noite dos tempos. E dígochos porque ti es o que o Deus verdadeiro escolleu para nos traer a súa doutrina e as augas salutaras do Bautismo, e como saibas saír ben desta aventura, e nos saques con ben do encantamento, non soamente has ser rico e potente, senón que, sacada a nosa ciencia do esquecemento, has ver a renacencia gloriosa da túa Raza e da túa Terra.

Agora, Bastián atreveuse a falar:

- Logo, señor, ¿que teño que facer?

- Pois colle auga natural, e déitaa por riba das nosas testas dicindo as verbas rituais do bautismo.

E erguéronse todos e espiron as testas venerables.

Nisto, de súpeto, un trono tremebundo rolou retumbando pola montaña. A terra estremeceuse cun estrondo coma o da fin, tremeu a trabe de ouro, e apagouse a lámpada perpetua...

Cando o Bastián desapareceu pola mina da dereita a moura díxolle ao Goriño:

- Agora, ven ti comigo.

E colleuno da man e metéronse ambos os dous pola mina da esquerda. Andaron un pedazo, no medio da máis fonda escuridade, e chegaron a un sitio onde a moura abriu unha porta e o Goriño atopouse entremedias de cinco fermosas escravas espidas de todo que o pillaron e o levaron a unha sala toda de mármore de cores, metérono nun baño de auga quente, e lavaron e fregaron nel ata que o deixaron coma unha prata. Logo untárono todo de perfumes e de esencia, rizáronlle con ferros o cabelo, pintáronlle as perfebras e a beira das pálpebras e tinguíronlle de rosa as unllas e logo déronlle lustre, e cando o tiveron fresco e arrecendente coma un caravel recién aberto, puxéronlle unha túnica a listas, atada cunha faixa vermella de seda, e por riba un caftán branco de pelo de cabra.

Levárono despois a unha cámara que mesmo era cousa de fadas. Era coma unha inmensa tenda de campaña toda feita de teas diferentes, a franxas verdes, laranxa, moradas, pallizas, vermellas, e azuis, con flores, paxaros e dragóns bordados de ouro. Había cinco lámpadas de ouro de a cinco luces cada unha, coas luces metidas en vasos de vidro cor de rosa, e mais cinco braseiros de ouro que botaban fume de mirra e de incenso. Ciscadas polo chan cuberto dunha alcatifa na que se afundían os pés, había moitas almofadas de rica seda, bordadas de ouro e de perlas, e pelicas de tigre e leopardo.

No fronte, sostido en alto por columnas de xaspe con capiteis de bronce, había un estrado con baranda de ébano e marfil e pasamáns de bronce, e nel, un leito de ricas almofadas e teas de brocado de ouro e por riba do leito, descansando en catro columnas de prata moi ben traballadas, un baldaquino en figura de cúpula, feito dun tecido de prata e seda, e no alto, un penacho de pennas de avestruz.

A moura que estaba alí, colleu ao Goriño pola man e levouno a aquel leito. Había unhas escaleiras para subir a el, e sentouse con el baixo do baldaquino.

Logo chiflou un chiflo, e principiaron a entrar mouros con grandes turbantes moi ben vestidos e conforme ían chegando, facían diante do estrado tres fondas reverencias, e íanse sentar nas almofadas. Ao cabo entraron moitos escravos traendo cuncas de té, caramelos, doces, uvas pasas, dátiles, plátanos, viño doce e narguilés, cargados de tabaco perfumado. Atrás deles entraron os músicos con guitarras, tambores, gaitas e frautas.

Tocaron, comeron e beberon, e así que remataron coas larpeiradas, os músicos principiaron a tocar unha tocada que daba sono. Entraron dúas nenas traendo unha banasta chea de follas de rosa e baleirárona no medio da cámara.

A moura colleu cunha culler de ouro unha pouca confitura verde, e ofreceulla ao Goriño que a papou. Logo, a moura baixou do estrado, colleu un pandeiro, e púxose no medio da cámara pisando nas follas de rosa.

E principiou a bailar.

Ao Goriño, así ao pronto, anubráronselle os ollos, e vía todo coma nunha brétema; mais logo notou que as luces brillaban máis, que todo se enchía de luz e de vida: os paxaros de ouro e os dragóns das cortinas cintilaban, agrandábanse, remexían os peteiros, as ás, os corpos retortos; o fume dos braseiros arrecendía, e misturábase co ulido fresco das follas de rosa esmagadas polos pés da moura; a música durmiñenta e saudosa acariñaba as orellas, e o Goriño sentíase enmeigado e ditoso naquel lugar de encantamento...

A moura bailaba e retorcíase coma unha serpe: os seus ollos eran coma luceiros acesos na noite; a roupa íalle caendo ao longo dos membros, e ía deixando ver as perfeccións máis cheas de encanto, as meiguices máis tentadoras, desas que acenden a un e o fan tolear. Ao cabo quedou espida de todo... Parou unha miga e logo principiou a dar voltas, voltas, coma unha debandoira, acompañada soamente polo tamboril que un negro tocaba coas mans, e por fin caeu dando voltas pola alcatifa, entre as follas de rosa machacadas...

Os mouros principiaron a herrar:

- ¡Alah! ¡Alah! ¡está vendo a Alah!

O Goriño estaba un pouco mareado; batíalle o corazón, batíanlle as tempas, estaba medio xordo... mais logo íao prender novo enmeigamento.

Recolleron á moura e levárona outra vez ao leito onde el estaba, toda encoira, quente que queimaba, arrecendendo a perfumes raros que daban loucura, e un mouro vello que axudara a traela díxolle ao Goriño:

- ¡Cristián: vas coñecer o Paraíso que o noso Profeta Mahoma ten prometido aos seus crentes!

E a moura caeulle xemendo no colo e botoulle ao pescozo os dous brazos...

Nisto, entra de supeto outro mouro.

Era moi vello, cangado dos anos, todo enrugadiño cunha barba branca que lle chegaba máis abaixo da barriga. Viña espido e contábanselle as costelas. Non traía máis que un lenzo pasado polos cadrís e un turbante verde.

De que repararon nel, todos os mouros se botaron ao chan dicindo:

- ¡El Hadjí! ¡El Hadjí!

O vello, sen facer caso daqueles acatamentos, berrou enrabechado:

- ¡Xa é hora, traede ao cristián!

Os mouros botáronse coma feras ao estrado, pillaron ao Goriño e levárono a rempuxóns diante do vello, que o deixou pasar.

Metérono nunha gran cova, e o vello pasou atrás deles. A cova alumeada con fachos de resina, era ben grande. Polas paredes había enormes morcegos

cravados, e do teito había pendurados grandes lagartos e bicharracos. Había un facistol cun libro grandísimo todo cheo de figuras; un forno con alambiques, retortas e matraces; outro no que tiñan unha cabeza de burro que remelaba os ollos e reganaba os dentes.

O Goriño morría de medo.

No chan había pintado un circo de triángulos cadrados. O vello púxose dentro do circo e fixo pasar a el ao Goriño e mais un gato negro de ollos coma brasas.

Dende o circo e sen saír del, o vello volvía as follas do libro e cantaba ollando para a cabeza de burro, mais o Goriño non comprendía ben. A cabeza de burro abría e pechaba a boca e os ollos e acenaba coas orellas.

Por fin, o vello encarouse co Goriño e díxolle:

- Cristián: agora é cando vas recibir o pago do teu traballo. Vasnos desencantar e a metade redonda dos nosos tesouros ha ser para ti. Cómpre que non teñas medo e que fagas o que che eu diga. Hai aquí máis tesouros do que teñen todos os reis da terra. Co que a ti che toca, poderás mercar máis de cen provincias. Para iso, coa axuda do Deus verdadeiro e do seu Profeta Mahoma, tes que chegares á trabe de ouro... Colle logo este facho e vai por aí sen medo... Anda, e que o Profeta te acompañe...

O Goriño colleu o facho de resina que lle daba o vello, e meteuse como el lle indicaba por debaixo dos fornos. O buraco era estreito e tivo que ir a gatas. Tardou tempo en poderse pór de pé. Ao fin puidose erguer, mais aínda ben non dera tres pasadas, deu un traspés, e caeu, e o facho que levaba na man fóselle rolando pola costa embaixo...

Unha gran labarada ergueuse deica o ceo, e un trono tremebundo rolou retumbando pola montaña estremecida...

¡As desgrazas que houbo aquela mañá! ¡Deus torne outra!

Queimouse todo O monte de Lourido, catro leguas arredor, que nin herba quedou. Nas Chas, ardeu a eira do Fortunato, co pan todo que el tiña alí, e mais outros veciños, e maila casa da tía Chinta, e dous canastos do Mouco. Ardeu a casa do señor Cura de Ortiz, que está preto de cinco leguas de Lourido, e por pouco pega na sacristía, e ardéronlle todas as árbores da horta e uns castiñeiros vellos que tiña alí un veciño. En San Miguel tamén se queimaron dúas casas, e todas as do lugar da Fontenla na parroquia de Ourande, que queda ben desviada, e unha caseta e moita leña no Monte Longo... Aquilo foi coma se viñese a fin, que os veciños xa fuxían todos, sen saber a onde, e ían chorando as mulleres e os vellos e os nenos polas vereas adiante... Mais o lume foi tan súpeto que non daba tempo para nada, de xeito que morreu moita xente, ¡pobriños! e moitos nenos, na Fontenh e mais en San Miguel... Foi coma se viñera unha labarada e prendera en todo, sen deixar respiro, coma se fora cousa do outro mundo.

Non ¡Deus torne outra coma aquela, que outra igual non se acorda nin os vellos máis vellos ... !

Por moitos días estivo fumegando toda aquela terra; en dez leguas non se paraba co cheiro do chamusco.

O Bastián saíu de arrastro por un buraco dos penedos. O monte arredor todo estaba ardido e cuberto de cinza, aquí e acolá fumegaban os carbóns das uces e das xestas... Mais o Bastián xa non podía velo: estaba cego.

Cegara de todo cando foi da labarada que se acendeu. Agora non vía o monte ardido, mais o cheiro de chamusco enchíalle o nariz.

Botouse a andar como puido ata que atopou quen o guiase e así chegou a Paradela. Como Paradela estaba pola parte de doutro picouto, cara ao Norte, alí non chegou o lume.

O Bastián non dixo endexamais nada a ninguén.

Como era pobre e non podía traballar, tivo que botarse a pedir. Co tempo, mal como puido, aprendeu a rascar nun violín e a cantar cántigas e coplas. E foi cantando polas feiras e polas festas, e polas vilas. ¡El que vira aqueles tesouros!

E mais estaba moi conforme. Casou e tivo fillos. De vello, xa os fillos traballaban, e tiña un no servicio, aínda o Bastián ía polas feiras e polas festas cantando coplas.

Endexamais referiu a historia aquela nin aos veciños, nin á muller nin aos fillos. A xente sabía que o Bastián saíra da casa san á véspera, e para o outro día tomara cego, o mesmo día do lume no Couto de Lourido. Mais cando lle preguntaban, ou cando oía falar do Goriño, que endexamais se volvera saber del, o cego calaba. E de aquí ninguén o puido sacar.

Unha vez volvía o Bastián para Paradela, de volta dunha festa, co fillo máis novo que o levaba da man.

Sentáronse nunha parede para botar unha pausa, e entón o Bastián faloulle ao fillo:

- Estámosche preto do Couto de Lourido. Noutro tempo habíache alí un tesouro moi grandísimo, e unha moura encantada, que saía pola mañá moi cedo a peitear os cabelos cun peite de ouro... Había alí unha trabe de ouro e outra de alquitrán. O que non collese o peite de ouro da moura cando lle caese, porque ela o deixaba caer adrede para engaiolar aos homes, e lle dese outro de corno, chegaba a conquistar a trabe de ouro...

Uhha vez, hai disto moito máis de trinta anos, fomos eu e mais outro ao Couto de Lourido, unha maná moi cedo. Eu vin a trabe de ouro, e os señores que a gardaban; mais o meu compañeiro colleu o peite de ouro que lle caeu á moura, e foi dar á de alquitrán, e daquela ardeu o monte todo, e moitas casas en moitas parroquias arredor, e moitos eidos arderon tamén. O meu compañeiro morreu, eu fiquei cego.

Agora xa non hai tesouro no Couto de Lourido. Ardeu todo ao se acender a trabe de alquitrán. Arderon tamén os mouros todos, e a moura enganosa que saía pola mañá cedo peitear os cabelos cun peite de ouro. Os mouros todos arderon porque non estaban en graza de Deus; mais hai alí uns señores que

están agardando a quen teña valor para chegar aló e darlles as augas salutareas do bautismo, hanlle dar o que vale máis ca todos os tesouros do mundo...

Se cando sexas home tes corazón para aló te brincares, colle pola parte do Nacente, e dende onde está o risco na pedra, doce palmos á man dereita, e tres pasadas máis...

